

CALAR

Xulio Teixeira

O silencio, se puidera falar, calaría
porque nos seus ollos non hai palabras suficientes,
quizais non hai nin berros, nin rabias, nin queixas,
quizais so queda a frustración do espectáculo
ou a aciaga maxia do fracaso da realidade,
esa soidade que o come todo sen amor
e que soña que é mentira para soportalo.

O silencio, se quixera dicir algo, deixaríase caer
nunha choiva de bágoas onde chorar,
onde o tempo, se servise de algo,
tamén sería mudo
e sentaríase nesa cadeira sen resposta.